

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32003001	IES Nº 1	O Carballiño	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

Borrador

## 1. Introducción

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional.

Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá. Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, as xuntanzas políticas, os discursos comerciais, os colectivos culturais, as congregacións informais, etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a súa inseparable retórica acaden no noso tempo unha proxección práctica particularmente tanxible.

No contexto normativo actual, a materia de Oratoria está chamada a ocupar nos últimos cursos da ESO un posto central no progreso curricular do alumnado. As oito competencias que definen a aprendizaxe permanente e os obxectivos curriculares asociados no seu caso adquiren aquí unha presenza concreta, explícita e concluínte, debido á natureza transversal da propia actividade oratoria.

Así, a materia de Oratoria preséntase en 4º de ESO como un soporte amplo e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación. Expoñer ideas e debater opinións son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén máis rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Inventio	Aprendemos as características que deben ter os diferentes tipos de discursos persuasivos, tanto os da vida común ou sociais como outros como os comerciais, o discurso político, os debates...	25	30	X		
2	Dispositio	Aprendemos a escribir diferentes tipos de discursos ou formatos para a oralidade: campañas publicitarias, exposicións orais sobre diferentes temas, monólogos, discursos de distintas tipoloxías...	25	30		X	
3	Elocutio	Aprendemos a comunicarnos en público, controlar o noso corpo e a nosa maneira de expresarnos, sempre con corrección e cunha xesticulación e rexistro adaptados ao contexto no que nos movemos. Traballamos diferentes técnicas de relaxación	50	45			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Inventio	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Coñece as orixes e características fundamentais da oratoria	PE	20
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Consegue ver a relación da arte da oratoria clásica cos diferentes tipos de discursos de carácter dialéctico e retórico da actualidade.		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Identifica as partes que debe ter a elaboración dun discurso persuasivo		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Coñece as características fundamentais dos diferentes tipos de discursos persuasivos que manexamos na actualidade	TI	80
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Analiza e sabe valorar cando un texto persuasivo cumpre coa súa función e é eficaz en canto á súa finalidade		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	É quen de buscar argumentos para rebater unha idea nun momento determinado e sabe identificar información erróneas ou contradictorias.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Manexa diferentes tipos de fontes documentais: dicionarios, enciclopedias, prensa...		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Contrasta diferentes fontes á hora de elaborar a súa información.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Diferencia o que é información do que é opinión. Identifica a subxectividade nos argumentos e informacións estudadas.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Sabe valorar e axectar a información que se manexa cando esta é pertinente.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Utiliza as novas tecnoloxías para a documentación e busca de información.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	É quen de adaptar o seu discurso ao contexto comunicativo no que se sitúa, tendo en conta as características de cada tipo de discurso.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	É quen de argumentar as súas ideas, aportando base retórica e significativa nas súas afirmacións.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	É quen de falar en público con soltura e en calquera situación comunicativa.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia os seus discursos con corrección e dun xeito expresivo.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Utiliza axeitadamente formatos audiovisuais ou dixitais de apoio no seu discurso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.</li> <li>- A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas.</li> <li>- A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.</li> <li>- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.</li> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.</li> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.</li> <li>- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Dispositio	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Identificar os tipos de fontes documentais	PE	20
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	É quen de diferenciar as características dos discursos puramente informativos dos de opinión.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	É quen de organizar e estruturar o seu discurso de xeito claro e ordenado.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Revisa o texto e é quen de localizar erros de creación, estrutura ou de eficacia do discurso		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Sabe seleccionar e tratar a información necesaria para realizar os seus discursos.	TI	80
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	É quen de escoller os datos para incorporar no seu discurso tendo en conta a súa fiabilidade e pertinencia.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Cóñece as calidades e os perigos das fontes de información dixitais		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adapta o seu discurso ás características do contexto comunicativo		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega argumentos ben traballados e sustentados nos seus discursos		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Redacta con corrección lingüística e dun xeito creativo e eficaz		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Desenvólvese ben falando en público en calquera contexto comunicativo		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia con corrección e de xeito expresivo os seus discursos, utilizando non só a súa voz, senón tamén o seu corpo		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Utiliza dun xeito eficiente os recursos que nos proporcionan os medios audiovisuais para acompañar os seus discursos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.</li> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> <li>- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> </ul>

## Contidos

- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
3	Elocutio	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	É quen de elaborar un discurso adaptándose a uns parámetros comunicativos	PE	20
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega argumentos elaborados e con sustento na elaboración dos seus discursos	TI	80
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Coñece as estratexias mnemotécnicas e sabe poñelas en práctica, sendo quen de memorizar o seu discurso dun xeito eficiente		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Non só memoriza o seu discurso senón que é capaz de improvisar sobre a marcha		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Sabe expresarse en público en calquera situación comunicativa		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Expón dun xeito calmado e agradable. Non se deixa controlar polos nervios.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia os seus discursos con corrección e expresividade.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Emprega de xeito óptimo a linguaxe non verbal : os xestos,, o corpo... á hora de dar os seus discursos		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Utiliza programas informáticos de apoio ás súas exposicións		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Recoñece as regras de interacción e de cortesía: respecta o turno de palabra,, é amable e respectuoso/a nas súas intervencións ...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.</li> <li>- Interiorización do discurso.</li> <li>- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.</li> <li>- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).</li> <li>- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).</li> <li>- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.</li> <li>- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.</li> <li>- Proxémica: espazo escénico.</li> <li>- Naturalidade fronte a artificiosidade.</li> <li>- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.</li> <li>- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A materia desenvolverase dun xeito transversal e maioritariamente práctico. En cada unha das unidades iremos fornecendo ao alumnado das ferramentas teóricas necesarias, que deberá ir incorporando paulatinamente aos seus discursos. Tocaremos todos os eidos comunicativos posibles, realizando exposicións orais, debates, discursos persuasivos de varias tipoloxías (por exemplo a través da organización dunhas eleccións ficticias onde terán que desenvolver campañas publicitarias e discursos para defender as súas candidaturas), informativos de televisión, monólogos, contos...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Canva para presentación d dixitais
Telefonía móbil e programas de edición de vídeo
Vídeos/audiovisuais diferentes tipos de discursos
Apuntes na aula virtual sobre contidos teóricos e historia
Pantalla e proxector para as exposicións
Biblioteca e ordenadores

Utilizamos a ferramenta online "Canva" para a elaboración de exposicións dixitais atractivas para acompañar os nosos discursos.

Empregaremos a telefonía móbil para a realización de audiovisuais relacionados cos nosos discursos.

Veremos na clase exemplos prácticos dos diferentes tipos de discurso que traballaremos

Na aula virtual iranse subindo os apuntes dos conceptos teóricos que se vaian estudando na aula.

Teremos a man pantalla e proxectos para utilízalos sempre que sexa necesario nos nosos discursos.

Utilizaremos a aula de informática e a biblioteca para documentarnos sobre os temas a tratar.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Como avaliación inicial faremos unha exposición oral, onde observaremos a maneira na que se expresa o alumnado e o coñecemento que ten á hora de elaborar un discurso, unha presentación dixital...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>50</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	20	20	<b>20</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	80	80	<b>80</b>

### Criterios de cualificación:

As probas escritas cos conceptos máis puramente teóricos pesarán un 20% en cada unidade. O 80% restante valorarase mediante rúbricas e será o resultado de todos os exercicios prácticos que desenvolveremos na aula. É fundamental que o alumnado participe activamente na clase. O alumnado que non participe ou que faga traballo doutras materias non superará a parte práctica. Non se recollerán traballos ou tarefas pasado o prazo de entrega establecido, salvo causa sobrevida e debidamente xustificada. Devanditos traballos realizaranse segundo as directrices dadas pola docente.

A avaliación apróbase cun 5 e o aprobado é sempre a partir de 5 puntos de media. Cualificarase de 1 a 10 sen decimais: ata 0,55ponse a nota inferior; de 0,56 en dianteponse a nota superior. No caso de que a nota sexa 4.56 ou superior, pero non chegue ao 5, non se redondeará ao 5.

Avaliación final: A cualificación final acharase coa media aritmética das tres avaliacións (antes do redondeo), independentemente de que a nota da avaliación ordinaria sexa maior que a da terceira avaliación.

A profesora poderá suspender ao alumnado que utilice métodos fraudulentos detectados durante a realización das probas ou traballos ou a posteriori. Calificarase cun 0 calquera proba, traballo ou actividade cuxo contido sexa discriminatorio, ofensivo ou atente contra a dignidade das persoas ou de calquera colectivo, incluído o animal.

O alumnado que non poida asistir aos exames realizará as probas no momento en que poida incorporarse; se se trata de convalencias longas pode acordarse con este alumnado a realización dos exames a través da aula virtual, de correo electrónico ou por videoconferencia.

### **Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso aqueles alumnos que non alcancen unha avaliación positiva poderán recuperar as partes que non superasen (probas, traballos, etc.) tras cada avaliación. Este proceso de recuperación realizarase preferentemente despois da entrega de boletíns, aínda que queda ao arbitrio da profesora o momento da súa realización. Consistirá en entregar todos os traballos e superar unha proba escrita cos contidos teóricos traballados durante cada trimestre. A nota obtida substituirá para todos os efectos á nota anterior e será a que se teña en conta á hora de achar a media final.

Se os alumnos obteñen unha nota inferior a 5 na avaliación final, realizarán actividades de repaso en xuño e á finalización das mesmas farán unha proba escrita dos contidos teóricos nos seguintes termos: aqueles que teñan unha soa avaliación suspensa examinaranse desa avaliación e os que teñan dúas ou as tres avaliacións suspensas farán unha proba global. Tamén terán que facer unha proba práctica a elixir polo alumno ou alumna, que poderá optar pola tipoloxía discursiva que prefira adaptándose ás indicacións de temática e tempo que lle indiquemos. Á hora de achar a nota final tomaranse en conta as notas que máis favorezan ao alumnado.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo.

Este principio establece que todos o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorga experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos.
- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e produción oral nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais.

O noso centro establece as seguintes pautas atender ao alumnado con diagnóstico TEA e TDAH:

- a) A súa colocación na aula preto das fontes de información (da persoa docente, do encerado, etc.), a súa situación na aula é moi importante, debemos priorizar aqueles sitios con poucos elementos de distracción (fiestas, zona de paso...) Colocar ao lado algún compañeiro/a que sexa tranquilo/a para que poida servir de modelo.
- b) O alumnado TEA/TDAH debe anotar nunha axenda as tarefas que ten que facer e os materiais que precisa, as datas dos exames con antelación...
- c) O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións. Cuando se efectúe unha demanda oral é necesario asegurarnos de que antes se establece contacto ocular, deste xeito facilitamos a recepción da mensaxe. Antes de falarlle hai que pedirle que nos miren.
- d) O uso de pautas comúns para todos os profesionais. A vixilancia e atención que hai que prestar a posibles situacións de abusos, acoso, etc.
- e) Nalgúns casos, pode utilizarse algún compañeiro/a co que teña boa relación e sexa quen de axudarlle nas tarefas nas que teña maior dificultade.
- f) Respetar o seu ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe. Fraccionar as tarefas.
- g) Asegurarse que entendeu o que se lle pide, solicitándolle que o diga coas súas propias palabras.
- h) Débese informar ao alumno/a de modo inmediato de como está facendo as tarefas e reforzar con frecuencia os seus progresos.
- i) As instrucións deben ser claras e concisas, mellor só unha instrución en cada emisión verbal para que non se perda.
- j) Na súa mesa non debe haber máis material que o necesario en cada momento.
- k) En caso de mal comportamento que vaia fora da clase durante un tempo determinado.
- Pautas específicas para a avaliación:
- Realizar tarefas ou exames curtos e concretos, permitíndolle ao alumnado realizalas, de ser necesario, en máis dunha sesión.
  - Establecer os exames con preguntas de resposta curta. Nas preguntas que deben desenvolverse, deixar espazo suficiente para que este non sexa un problema.
  - Empregar preguntas con enunciados curtos, precisos e claros, separando debidamente unhas preguntas doutras.
  - Observar e abordar os posibles bloqueos, distraccións ou “desconexións”, ofertando as axudas que precise.
  - Recordarlle que pode saltar unha pregunta se non a sabe.
  - Repasar con eles a lectura dos enunciados, para asegurarse de que comprenderon ben a pregunta.
  - Algúns alumnos e alumnas con TEA/TDAH teñen un alto compoñente de impulsividade, polo que debe insistírselles en que lean as preguntas as veces que sexan necesarias antes de respondelas.
  - Cando se considere necesario, poden acompañarse as preguntas de apoios visuais.
- O centro tamén establece un protocolo para o alumnado con altas capacidades: programa de enriquecemento curricular
- Non se trata de dar contidos de cursos superiores, os programas de enriquecemento curricular buscan incrementar a complexidade das actividades que se lle propoñen ao alumnado, para que teña que realizar un maior esforzo cognitivo na súa realización. En calquera caso, débese evitar que o alumnado teña que traballar contidos e actividades que xa domina, porque se podería producir un efecto negativo que levaría a procesos de apatía e desmotivación.
  - As actividades de enriquecemento non deben ser unha carga para o alumnado senón de substitución de actividades, digamos, “comúns”. Non se trata de adiantar contidos senón de profundizar nos mesmos e non se trata de facer máis actividades senón de substituír algunhas actividades da unidade didáctica pensada para todo o grupo por outras de maior complexidade cando teñamos a certeza que o alumnado xa domina as actividades pensadas para todo o grupo.
  - As actividades de enriquecemento curricular van destinadas a motivar o interese do alumnado pola materia e non deben ser unha medida de presión.
  - Débese favorecer o traballo autónomo do alumnado de altas capacidades.
- Se vamos dar ao alumnado actividades de enriquecemento, consecuentemente debemos valorar a realización das mesmas, dándolle una adecuada ponderación á hora de avaliar os seus progresos.
- Tamén se establece o seguinte protocolo para aqueles alumnos que presenten dislexia:
- Considerar a posibilidade de que o alumno poida facer traballos nun ordenador permitindo o uso do mesmo para entregar traballos escritos.
  - Darlle máis importancia ao contido e non tanto á forma (ortografía, estruturación sintáctica, etc.).
  - Aumenta o tamaño das letras e o interliña. É aconsellable usar unha tipoloxía (sarakanda, arial, etc.) que defina ben cada letra e un tamaño (12 o 14) e un interlineado (1,5 o 2) que facilite su lectura.
  - Fragmentar textos longos en partes pequenas
  - Proporcionar tempo adicional nas probas de avaliación escritas e/ou reducir o número de preguntas para responder. Darlle tamén máis tempo para finalizar as súas tarefas.

- Na medida do posible, evitar que teña que copiar o enunciado dos exercicios, para non consumir o tempo que necesita para entendelaos e dar unha resposta.
- Na aula debe estar ubicado/a adiante, cerca do profesor/a.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.3 - Emprendemento	X	X	X
ET.4 - Educación cívica	X	X	X

#### Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Oratoria debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Creación dun anuncio publicitario	O obxectivo é persuadir o resto da clase para que merque o produto ou servizo, indicando por que é especial e como mellorará a nosa vida se o adquirimos.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Do texto á representación.	A dramatización é un dos mellores medios para introducir o alumnado no mundo da literatura e da oralidade. Esta actividade consiste en converter un texto literario de carácter narrativo nun texto con estrutura dramática, conferindo trazos teatrais aos elementos que conforman o texto narrativo. O alumnado deberá crear unha historia coa súa trama, personaxes, tempo e espazo para logo transformala nun texto dramático baseado no diálogo, que deberá ser representado na aula.		X	
MeteoEscolas	Elaboraremos un noticiario dentro do cal incluiremos un parte meteorolóxico baseado nos datos recollidos dentro do Plan Proxecta MeteoEscolas. Esta actividade é idónea para desenvolver a competencia mediática e informacional. Ademais, a selección de noticias realizada polo propio alumnado despertará máis interese entre o alumnado e afianzará unha dinámica de traballo en equipo. Estudaremos a estrutura da noticia e faremos de reporteiros/as e investigadores/as.			X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Especifiquei os criterios de avaliación e os procedementos de avaliación de cada unha das unidades e estiveron claros durante o curso
O nivel esixido nas avaliacións correspóndese co que se imparte nas aulas
Metodoloxía empregada
As actividades que propoño supoñen unha aprendizaxe significativa
Preocúpome pola aprendizaxe do alumnado
Fágolles reflexionar sobre a utilidade dos contidos tratados
Apóime nas novas tecnoloxías
Emprego materiais axeitados aos contidos e ás unidades
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Son puntual co inicio e fin da clase
Medidas de atención á diversidade
Favorezo que o alumnado busque información pola súa conta

Clima de traballo na aula
Logro que o alumnado estea motivado polos contidos da materia
Desenvolvo a clase nun ambiente de respecto
Son accesible ao alumnado e estou disposta a axudarlle cando o precisa

### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicacións PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realízase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento de Lingua castelá e Literatura.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realízase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións do departamento de Lingua castelá e Literatura celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados

Borrador